

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CSTCP01	Patronaxe e moda	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0288	Formación e orientación laboral	2023/2024	3	107	107
MP0288_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	3	62	62
MP0288_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	3	45	45

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	RAUL ALVARADO FERREIRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno ou a alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector de téxtil, confección e pel.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo:

- m) Identificar formas de intervención en situacións colectivas, analizando o proceso de toma de decisións, para as liderar.
- q) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e a súa relación co mundo laboral, analizando as ofertas e as demandas do mercado para manter unha cultura de actualización e innovación.

e as competencias do ciclo:

- l) Efectuar consultas, cando cumpra, dirixíndose á persoa adecuada, e saber respectar a autonomía do persoal subordinado, informando cando sexa conveniente.
- m) Manter o espírito de innovación e actualización no ámbito do traballo propio para se adaptar aos cambios tecnolóxicos e organizativos do contorno profesional.
- q) Resolver problemas e tomar decisións individuais, seguindo as normas e os procedementos establecidos definidos dentro do ámbito da súa competencia.

Contorno profesional:

1. Esta figura profesional exerce a súa actividade no sector da confección industrializada de produtos téxtiles e de pel, así como de calzado e marroquinaría, en pequenas, medianas e grandes empresas, xa sexa por conta allea ou por conta propia, desenvolvendo funcións de xestión da produción e de elaboración de patróns para a industrialización da confección.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Deseñador/ora técnico/a de patronaxe con CAD/CAM.
- Diseñador/ora técnico/a de confección con CAD/CAM.
- Técnico/a de desenvolvemento de produtos de confección (I+D+i).
- Técnico/a en desenvolvemento do produto.
- Encargado/a de oficina técnica.
- Modelista-patronista de peletaría.
- Modelista-patronista de pezas de vestir.
- Modelista-patronista-escalador de sombreiros e gorras.
- Patronista-escalador de pezas de vestir.
- Técnico/a en confección industrial.
- Técnico/a en fabricación de artigos de pel e coiro.
- Técnico/a en control de calidade de confección.
- Técnico/a en control de calidade en industrias de pel e coiro.
- Técnico/a de organización.
- Xefe/a de fabricación.
- Xefe/a de calidade.
- Xefe/a de sección.
- Xefe/a de equipo.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O Dereito Laboral, o contrato e o tempo de traballo.		12	11
2	Salario e Seguridade Social.		12	11
3	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. Representación dos traballadores.		12	11
4	A procura de emprego.		16	11
5	Os equipos de traballo.		10	11
6	Conceptos básicos en materia de prevención laboral. Riscos laborais.		18	20
7	Xestión de Prevención na empresa.		14	13
8	Emerxencias e Primeiros auxilios.		13	12

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O Dereito Laboral, o contrato e o tempo de traballo.	12

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en patronaxe e moda.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Novos contornos de organización do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en patronaxe e moda.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Salario e Seguridade Social.	12

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO
RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.8 Analízase o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.3 Identifícanse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en patronaxe e moda.
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas de seguridade social.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. Representación dos traballadores.	12

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa.  Conflitos colectivos.  Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.  Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A procura de emprego.	16

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en patronaxe e moda.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en patronaxe e moda.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en patronaxe e moda.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en patronaxe e moda.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en patronaxe e moda.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Os equipos de traballo.	10

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en patronaxe e moda e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector profesional do título de técnico superior en patronaxe e moda segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.



**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Conceptos básicos en materia de prevención laboral. Riscos laborais.	18

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en patronaxe e moda.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector profesional do título de técnico superior en patronaxe e moda.
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Xestión de Prevención na empresa.	14

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector profesional do título de técnico superior en patronaxe e moda.	SI
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en patronaxe e moda.
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícanse e descríbense os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en patronaxe e moda.
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en patronaxe e moda.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en patronaxe e moda.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector profesional do título de técnico superior en patronaxe e moda en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

**Contidos**

Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector profesional do título de técnico superior en patronaxe e moda.

Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.

Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

Planificación da prevención na empresa.

Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.

Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Emerxencias e Primeiros auxilios.	13

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en patronaxe e moda.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os indicados no punto 4c. O alumnado será avaliado trimestralmente.

Os criterios de cualificación se aplicarán sobre:

-Proba de coñecementos escrita teórico-práctica: se realizará polo menos unha por trimestre . O alumno que amose actitudes deshonestas e/ou impropias durante a realización dunha proba de coñecementos será calificado cun 0.

-Tarefas, traballos individuais ou en grupo e outras similares que débense entregar. Os traballos que sexan copiados parcial ou totalmente serán calificados coa nota dun 0. Os traballos entregados fora de prazo serán puntuados con nota máxima de 5 puntos. Cando o profesor detecte que algún alumno non fai as tarefas encomendadas como traballo para casa e corrección conxunta na aula, poderá encomendar a súa entrega, pasando a formar parte dun instrumento avaliador para este alumno.

-Exposicións ou dinámicas que débense realizar na aula. Cando o alumno non asista durante a realización da exposición ou dinámica, entregará unha tarefa relativa ao contido tratado.

Será preciso acadar unha nota mínima de 5 puntos sobre 10 en cada un dos instrumentos de avaliación empregados para considerar superada cada avaliación. Os decimais resultantes das notas e das medias, a partir do segundo, redondearanse á alza cuando sexa 5 o un número superior redondearase á baixa cando sexa 4 o un número inferior. A nota trimestral exprésase en números enteiros sen decimais. Obterase realizando a media aritmética entre as notas obtidas entre todos os instrumentos de avaliación empregados para cada unidade didáctica. Despois se fará unha media ponderada en función do peso asignado a cada unidade na programación entre as notas obtidas por cada unidade.

Cando unha ou varias destas notas non acaden o 5, realizarase a media igualmente, sempre que superen al menos a nota de 4.

A cualificación final obterase coa media ponderada de todas as probas feitas no curso, actualizando as notas suspensas polas obtidas nas recuperacións. Para o cálculo das notas medias se collerá sempre as notas orixinais, redondeando sómentes a nota final resultante. (para evitar redondeos sobre redondeos).

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Actividades de recuperación/reforzo/apoio:

-Os alumnos serán avaliados parcialmente en cada trimestre. Se algún alumno/a non supera unha ou varias probas faráselle unha proba de recuperación despois da avaliación correspondente, co obxecto de obter como nota máxima 7 puntos.

Ao tratarse dunha avaliación continua, a aprobación dunha avaliación supón a superación de todas as UTs anteriores, xa que cada avaliación ten en conta todas esas UTs anteriores. Deste modo, poderase suspender unha avaliación aínda tendo superadas as súas UTs, se aínda non se recuperou algunha UT de avaliacións anteriores. Si ben as probas superadas serán gardadas durante todo o curso, á espera das recuperacións pendentes. Só se fará a media con as probas que obteñan como nota al menos un 4,5.

-Os alumnos que non teñan superada algunha UT, nin siquiera na recuperación das mesmas, terán unha última oportunidade de superala na convocatoria de Xuño. Nesa mesma data faráse a proba final do módulo para aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continua, que deberán realizar o exame final para superar o módulo, das UTs que teñan pendentes de superar.

-Se o problema estriba na dificultade de comprensión efectuaranse exercicios de reforzo naquelas unidades que o requiran. Así, para cada unidade didáctica, vanse programar actividades de recuperación, tales como:

- . Realización de casos prácticos.
- . Traballos individualizados.  
Explicación no aula
- . As actividades de recuperación do módulo determinaranse a partir do informe de avaliación individualizado.
- . Todo elo de acordo cos contidos mínimos de ditas unidades didácticas.

2. No suposto de que se pase de curso co módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período de realización, temporalización e data en que serán avaliados, e que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario. No caso de que a dispoñibilidade horaria do centro o permita, faranse actividades de recuperación presenciais.

3. O alumnado de 2º curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, se lle asignarán actividades de recuperación, con indicación expresa da data en que serán avaliados. Durante este período repasaranse os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados. Rematado este proceso o alumno/a deberá demostrar que acadou os contidos mínimos esixibles que non foron superados mediante a realización dunha proba obxetiva/traballo.

Para superalo módulo pendente o alumnado debe acadar como mínimo 5 puntos.

## **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas sexa superior ao 10% da carga total do módulo (107 horas, o 10% serán 11 horas) debendo superar unha proba que abarcará toda a materia impartida durante o curso, e que pode constar tanto de preguntas tipo test como de preguntas curtas, preguntas a desenvolver ou exercicios prácticos xunto coa realización de actividades complementarias que o profesor estime convenientes.

O alumnado que perda o dereito de avaliación continua tras ter superada algunha UT, conservará a nota de esa UT e non terá que volver a superala nesa proba final.

Para acadar a avaliación positiva o alumno/a deberá obter cando menos 5 puntos na devandita proba

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Para realizar o seguimento da programación seguirase o establecido nos protocolos de calidade do centro.

O profesor fará un seguimento constante das actividades. De acordo con estes datos, e as decisións tomadas nas reunións de seguimento da Programación que realizará mensualmente o equipo docente, se tomarán as medidas correctoras pertinentes.

Ao final de curso o profesor realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

#### AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Terase en conta para avaliación da práctica docente tanto a autoavaliación da propia docente recollida nun cuestionario o final de cada trimestre como a valoración feita polo alumnado, que se recollerá a través da enquisa de satisfacción de labor docente, seguindo o protocolo de calidade.

### 8. Medidas de atención á diversidade

#### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Farase unha avaliación inicial para determinar o grao de coñecementos ou nivel de preparación de partida do alumnado. Para iso, pasaráselle aos alumnos unha proba inicial con diferentes conceptos relacionados ca materia e co seu nivel de coñecementos xeral.

Por outra banda, ao principio de curso, unha vez pechado o prazo de matrícula, o equipo docente celebraremos unha xuntanza de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a. Nesta avaliación o titor/a dará toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo. Así, en base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular na duración das ensinanzas.

#### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos en que o alumnado non acade os obxectivos mínimos establecidos en cada avaliación, estableceráanse medidas de reforzo para que poida acadar os mínimos previstos nesta programación.

Estas medidas consistirán en traballos que poidan ser efectuados de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do profesor.

Tamén naqueles casos nos que sexa pertinente poderase levar a cabo unha flexibilización modular na duración das ensinanzas, segundo o procedemento legal establecido

### 9. Aspectos transversais

#### 9.a) Programación da educación en valores

O ensino dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de tódalas etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

De feito, os valores cívicos e éticos ( educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, , a educación do consumidor, a educación vial, a educación ambiental e a educación intercultural, entroutros ) intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

Educación para a convivencia.

Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio.

Educación para a saúde.

Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental. Especialmente observárase na unidade formativa *¿Prevención de riscos laborais¿*

Educación para a paz.

Fomentaremos a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando criticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

Educación non sexista.

Identifícaranse aqueles trazos sexistas no acceso ao emprego, igualdade efectiva nos postos de traballo respecto ás obrigacións e retribución, o acceso aos dereitos de conciliación da vida familiar e laboral.

Educación ambiental

Tratarase este aspecto de forma que o alumno interiorice a importancia do respecto ao medio ambiente incidindo no valor das empresas que reutilizan e reciclan os diferentes residuos.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como actividades complementarias e extraescolares se poderán propoñer:

- Charlas de profesionais do sector.
- Visitas a organismos públicos ou privados e a empresas relacionadas co sector.
- Visita a feiras, congresos de calquera ámbito relacionadas co sector.
- Servizo e colaboración con outras actividades que se organicen conxuntamente con outros módulos.
- Cinema fórum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe. O alumnado deberá cubrir un cuestionario con varios temas de reflexión unha vez remata a película. Tamén dará lugar ao debate e a posta en común de ideas. É unha actividade adecuada para levar a cabo tras as sesións de avaliación de cada trimestre.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Ensino non presencial

Durante os primeiros días de clase, en setembro, promoveranse accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino semipresencial ou a distancia. Do mesmo modo, facilitaráselle ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matricule no curso da materia obxecto desta programación. Garantírase que o alumnado coñeza o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.